

ACTA NÚM. 12 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 11 DE OUTUBRO DE 2017.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **9:05 horas** do día **11 de outubro de 2017**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Dona Inmaculada Viña Carregal, **interventora xeral do Concello.**

José Ramón Alonso Fernández, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

Non asiste o concelleiro, Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.

ORDE DO DÍA:

Punto único: Aprobación Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2016.

Antes de dar comezo ao estudo do asunto incluído na orde do día, gardase un minuto de silencio polas vítimas da violencia machista.

PUNTO ÚNICO: APROBACIÓN CONTA XERALCORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2016.

A conta xeral correspondente ao exercicio de 2016, foi ditaminada pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, na súa sesión extraordinaria do día 1 de setembro do corrente ano, e publicada no BOP do día 4 seguinte, núm. 167, durante o período de exposición non se formularon reparos nin observacións á mesma.

Antes de proceder á votación auséntase do salón do plenos a concelleira Dona M^a Teresa Cancelo Márquez, e xa non se reincorpora á sesión.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 9 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal de Compostela Aberta e 13 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do BNG (8 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:

1. Aprobar a Conta Xeral do Concello de Santiago de Compostela, correspondente ao exercicio de 2016.
2. Render a Conta Xeral ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas, nos termos establecidos no artigo 212.5 do TRLRFL e restante normativa de aplicación.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente deuna por finalizada sendo as 10:10 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do Pleno,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: José Ramón Alonso Fernández